



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes  
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Expediente: 202000008138

## **RESOLUCIÓN Nº 32466 DO 22/10/2020 POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS DE INVESTIGACIÓN 2020-ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS**

Don **Valentín González Formoso**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Por resolución da presidencia n.º 26284 , do 04 de setembro de 2020, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas de investigación 2020- Área de ciencias sociais e xurídicas e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se for o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que no prazo de alegacións concedido Julia López Tuset presentou un escrito solicitando a revisión da puntuación concedida ao seu currículo e, particularmente, polos conceptos de formación de posgrao e coñecemento de idiomas. Con data 24/09/2020 o tribunal emitiu informe no que indica o seguinte:

*O tribunal, despois de considerar tales alegacións, considera improcedente modificar a puntuación da solicitante, polos seguintes motivos:*

*I.- En canto á formación de posgrao, xa se outorgou á solicitante a máxima puntuación prevista nas bases da convocatoria (0.75 puntos), tendo en conta tódolos títulos presentados. En contra do que sinala a solicitante no seu escrito, a puntuación exposta nas bases non establece a puntuación individual que se debe sumar por cada titulación, senón que establece un límite de puntuación que o tribunal debe valorar nesta categoría, o cal explica que este concepto se enuncie en singular e en forma disxuntiva (“mestrado ou posgrao”)...*

*II.- No que respecta ao coñecemento de idiomas estranxeiros, as bases da convocatoria establecen unha valoración máxima de 0.5 puntos. A comisión -á vista de que varios candidatos aportaban máis de un certificado B2 de lingua estranxeira- determinou outorgar un total de 0.25 puntos por cada certificado aportado. Neste sentido, o título citado pola solicitante -correspondente ao nivel B2 de lingua inglesa- xa foi valorado polo tribunal de acordo coas ponderacións obxectivas acordadas polo tribunal no momento da súa constitución (o 20 de xullo de 2020);...*

*Por todo canto antecede, o tribunal considera que non procede modificar as súas valoracións ao axustarse ás bases da convocatoria.*

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

## **RESOLVO:**

**1.- Desestimar as alegacións** presentadas por Julia López Tuset polos motivos expostos.

**2.- Conceder definitivamente** as bolsas ás seguintes persoas:

**Titular da bolsa:** BISQUERT I PÉREZ, KYLYAN MARC

NIF:\*\*\*8449\*\*

Expediente: 2020000019272

Título do proxecto obxecto da bolsa: Canles e espazos alternativos para o consumo responsable de alimentos na provincia da Coruña: boas prácticas e ferramentas socioeducativas para a promoción da ecocidadanía e a cultura da sustentabilidade.

Importe da bolsa: 8.000 €

**Titular da bolsa:** MARTÍNEZ CABRERA, ELENA

NIF: \*\*\*0731\*\*

Expediente: 2020000020138

Título do proxecto obxecto da bolsa: VISLUMBRE (II) VISibilizando os Lazos entre Usos do Monte e Benestar para a xestión adaptativa en Reservas da biosfEra

Importe da bolsa: 8.000 €

**Titular da bolsa:** MONJE AMOR, ARIADNA

NIF:\*\*\*8968\*\*

Expediente: 2020000024216

Título do proxecto obxecto da bolsa: Os efectos moderadores da intención de abandonar e o incumprimento do contrato psicolóxico entre o apoderamento psicolóxico e o compromiso no traballo

Importe da bolsa: 8.000 €

**Titular da bolsa:** REY SUÁREZ, DARIO

NIF:\*\*\*1194\*\*

Expediente: 2020000020208

Título do proxecto obxecto da bolsa: Touro a ceo aberto

Importe da bolsa: 8.000 €

**Titular da bolsa:** SANTOS CARRUNCHO, MANUEL

NIF: \*\*\*2117\*\*

Expediente: 2020000025122

Título do proxecto obxecto da bolsa: Cadeas agroalimentarias curtas e Economía circular para un sistema agroalimentario sostible en Galicia: diagnose e avaliación de impacto mediante modelos Input-Output extendidos medioambientalmente

Importe da bolsa: 8.000 €

**3.- Dispor o gasto** das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, fase A, operación nº 220200018507, por importe total de 40.000 €.

**4.- Nomear suplentes** ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Suplente 1: Vázquez Rodríguez, Alexandre

Suplente 2: Cabanas Veiga, Manuel

**5.- Publicar** a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.